

# FURIOSA: DA SAGA MAD MAX

George Miller, 2024

# 1302

ESTREA EN NUMAX: 31.05.2024 | V.O.S.E. | +16 | 143 min

Nun mundo postapocalíptico onde todo perdeu o seu valor, os poucos sobreviventes guíanse pola lei do máis forte. Sen aprecio pola vida, o único que esperta un brutal interese é a gasolina, sinónimo de poder e obxectivo de bandas armadas ata os dentes e sen escrúpulos.

Neste contexto, a moza Furiosa é arrebatada do Lugar Verde de Moitas Nais e cae en mans dunha gran Horda de Motociclistas liderada polo Señor da Guerra Dementus. Furiosa debe sobrevivir a moitas probas mentres reúne os medios para atopar o camiño a casa.

«Resoa con intensidade o desalento  
que se estende pola realidade  
actual»

Manu Yáñez, FOTOGRAMAS



## Un filme apoteósico e monumental

Por Manu Yáñez

Aínda que *Furiosa: Da saga de Mad Max* toma prestada da súa antecesora, *Mad Max: Furia na estrada* (2015) a idea da *road movie* desértica, xa completamente baleirada de asfalto, estamos ante dúas obras case antagónicas en como se presentan conceptualmente. Por unha banda, *Furia na estrada* aferrábase a unha idea de “cinema esencial” que antepoñía a pureza do movemento físico a calquera tipo de sofisticación narrativa (á súa maneira, o filme propoñía un retorno ao espectáculo circense do cinema primitivo, aquel que o teórico Tom Gunning bautizou como o “cinema de atraccións”). Pola súa banda, *Furiosa*, coa súa elíptica estrutura en cinco episodios e o seu perfecto equilibrio entre grandes escenas de acción e rotundos duelos dialogados, remite a outra “orixe”: aquel cinema monumental co que David W. Griffith -decidido a converter a historia americana en lenda- sentou as bases da narrativa fílmica a principios do século XX. De feito, *Furiosa*, coa súa plástica exuberante -a medio camiño entre o preciosismo pictórico e a enerxía cinética do cómica -e coa súa poderosa dramaturxia, que combina elementos das comedias e as traxedias de Shakespeare, podería imaxinarse como o capítulo futurista que Griffith soñaría para *Intolerancia* (1916), a súa epopea histórica sobre a forza autodestrutiva do ser humano.

En canto á cronoloxía do relato, *Furiosa* preséntase como unha fiel precuela de *Furia na estrada*, revelando a orixe do fascinante personaxe de Imperator Furiosa, á que Anya Taylor-Joy, cos seus ollos xigantescos, confire un poso dramático que Charlize Theron perfilaba dun modo máis superficial. De feito, no seu empeño por construír un filme cun arco dramático amplo -que incumbe a caída en desgraza do personaxe de Furiosa e a súa busca de vinganza-, George Miller toma o tempo para afondar nas motivacións de cada personaxe, perfilando con clarividencia cada xiro da trama e dotando de sentido cada unha das *set pieces* que engalanan a metraje, tan extensa como excelsa.

Porén, tan relevante como a lóxica interna do relato resulta o lapso de nove anos transcorridos entre a estrea das dúas últimas entregas da saga post-apocalíptica de Miller. Así, mentres *Furia na estrada* aínda albergaba unha esperanza na emancipación dos pobos da man dunha revolución feminista -así pensabamos moitos hai unha década-, *Furiosa* retrata con crueza un mundo ameazado polos liderados populistas e golpeado por guerras motivadas por intereses económicos e políticos. Facendo gala dunha lucidez envexable, Miller, cos seus 79 anos, constrúe un universo concreto e á vez alegórico no que resoa con intensidade o desalento que se estende pola realidade actual (...). Ademais, cabe sinalar que Miller conquista o seu cometido imbricando a debida gravidade cunha estimulante irreverencia humorística: un dos guerreiros do filme responde ao nome de “Scrotus” e aliméntase a base de “kebab de can”, pode dicirse que *Furiosa* se sitúa na confluencia imposible entre *Lawrence de Arabia* (David Lean, 1962), o spaguetti western e *A vida de Brian* (Terry Jones, 1979). De feito, para erixir a súa denuncia contra a megalomanía belicista, Miller regálanos unha das súas creacións máis memorables: un gladiador chamado Dr. Dementus (Chris Hemsworth) que, baixo os seus aires de profeta, esconde un parvo vigoréxico que conduce unha cuadriga romana tirada por motocicletas e que se vangloria da súa estupidez á maneira de Donald Trump. Velaquí a furia de Miller, que non lle teme ao ridículo no seu camiño cara a grandeza artística.